

Autógrafos na biblioteca de Luisa Cestar (Biblioteca Municipal de Betanzos)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Para Luisa, na memoria

Sumario

Dáse conta neste traballo dos libros dedicados polos seus autores á galeguista betanceira Luisa Cestar (quen doou a súa biblioteca persoal á Biblioteca Municipal de Betanzos no 1984). Moitos deles conteñen autógrafos de destacados escritores vencellados á editorial Galaxia e outros á emigración americana.

Abstract

This work details the books dedicated by their authors to the Betanzos born “galeguista” Luisa Cestar (who donated her personal library to the Betanzos Municipal Library in 1984) Many of them contain the autographs of outstanding writers associated with the Galaxia publishing house and others with American emigration.

A BIBLIOTECA DE LUISA CRESTAR

A biblioteca de Luisa Cestar atópase integrada na Biblioteca Municipal de Betanzos. Foi doada pola súa propietaria en 1984. Conta cunha catalogación e cun rexistro específico. Os seus fondos constan de mil catrocentos sesenta e tres volumes, unha boa parte en lingua galega, de tema ou autores galegos. Ten a particularidade de que acolle as primeiras edicións da Editorial Galaxia, infrecuentes en bibliotecas públicas, xa que Luisa foi accionista e subscriitora da editorial. Algúns libros son edicións especiais e numeradas, caso da colección «Salnés» de poesía galega. Outras son publicacións raras ou pouco coñecidas a causa da súa pequena tirada, edicións de autor e mesmo algunha «non venal». Ademais un bo número deles conteñen autógrafos dos autores dedicados a Luisa, quen mantivo trato coa maior parte deles. Isto contribúe a revalorizar, sen dúbida, aínda máis un fondo bibliográfico moi importante para unha biblioteca municipal.



¿QUÉN FOI LUISA CRESTAR?

Deixemos que sexa ela mesma a que se presente:

Luisa Cestar Díaz, nada en Betanzos, foi Xefe de Negociado da Compañía Telefónica en Santiago de Compostela. Dos anos 50 a 60 actuou con frecuencia en Radio Galicia. Co galo de radiarse á Arxentina as campanadas do reloj da Catedral, dirixiu ós emigrantes un saúdo, recitando poesías de Rosalía e Manuel Murguía. Entre os anos 60 - 70 publicou poesías nos diarios *La Voz de Galicia* e *La Noche*.

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

Grabou unha cinta mainetofónica recitando poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e outras que mandou ao seu curmán Antón Crestar, Presidente do Centro Galego de Montevideo que foi radiada en varias ocasións pola Radio da Capital.

É aicionista de Galaxia dente a súa fundación.

Foi conselleira da Alianza Francesa de Santiago, na década do 60.

Eis os fitos significativos dunha vida sinxela que colocou na contracapa do seu libro de poemas xunto cun seu retrato.

Sobre as orixes familiares, podemos dicir que Luisa era descendente dunha familia de canteiros pontevedreses asentada en Betanzos dende mediados do século XIX. O avó Xoán Crestar viñeira de Moaña e asentouse na nosa vila quizá cando a construción do cemiterio municipal. O pai, Xacobe Crestar Faraldo (1870-1940), xa nado en Betanzos, foi canteiro e logo mestre de obras, e autor, por exemplo, da célebre fonte de Picachá. Casado con Enriqueta Díaz Vázquez, tiveron nove fillos: tres homes e seis femias. Luisa, nada en 1908, era a cuarta. Os outros eran Manuel, Xosé, María, Xoaquina, Enriqueta, Mercedes, Eduardo e Aurora. A familia viviu na casa número 7 da rúa Travesa, na compañía dunha tía solteira, irmá da nai, que tiña unha tenda no baixo.¹

Na familia existían sen dúbida inxerencias culturais: varias Crestar aparecen como atrices afeccionadas en obras de teatro locais; o irmán maior, Manuel, desaparecido a raíz da guerra civil 1936-1939, foi destacado debuxante e caricaturista, deixándonos un estarrecedor debuxo dos crimes cometidos polos fascistas en Betanzos.² Eduardo tamén cultivaría o debuxo.

Antón Crestar (Miño, 1896-Montevideo, 1983), curmán de Luisa e unha das figuras máis sobranceiras da emigración galega e do galeguismo no Uruguai, ten unha pequena lembranza para ela nas memorias que redactou en 1979. En 1966 fixo unha viaxe a Galiza logo de cincuenta anos de ausencia:

A maior parte do tempo que estiven en Galicia paseino en Santiago vivindo na casa dunha irmán de Paco [reférese ao seu amigo Lista] e onde eu tiña unha curmá, Luisa Crestar, coa que mantiñámos correspondencia sen coñecérmonos persoalmente. Gracias a ela vinculeime a varias personalidades galegas, coas que aínda conservo amizade e que moito me honran. Luísa desviviuse por facerme agradable a miña estada en Galicia. Muller vinculada ó máis distinguido da cultura galega, pero moi absorbente, con certas inclinacións poéticas nada destacables, pero con don para recitar poesías galegas, boa voz, dicción clara e sentido do que di.³

Oito anos despois, en 1974 volveu a Galiza acompañado da súa irmá Esperanza. Desta vez non houbo encontro con Luisa, coa que non conxeniaba. Mais o seu testemuño serve para corroborar que daquela a curmá vivía en Lugo:

1. AMB. Padrón de habitantes de 1924. Carp. 272. Xosé non figura neste censo, quizá por atoparse xa emancipado.

2. Véxase o meu artigo «Manolo Crestar, o bohemio libertario que retratou a represión do 36 en Betanzos», publicado en *A Xanela, revista cultural das Mariñas*, nº 11, primavera 2001 e o publicado no *Anuario Brigantino* 2003, nº 26: «O artista betanceiro Manuel Crestar Díaz: entre a bohemia e o compromiso».

3. In C. Sixirei Paredes, *A emigración* (páx. 224), Biblioteca básica da cultura galega, Ed. Galaxia, Vigo, 1988.

Nesta ocasión non puider ver á miña curmá Luisa, da que quedamos bastante distanciados na anterior viaxe con Encarnación [a súa dona]. Como non sei se dixen, era unha persoa á que lle gustaba gobernar a vida dos demais, causa pola que chocamos en moitas oportunidades. Ademais trasladárase a Lugo por ser o de alí un clima máis a propósito para a súa saúde, pois padecía de asma. Despois enteireime polo amigo Castor Bravo que estivera enferma non sei de que doenza, cousa que lamento...⁴



LUISA POETA

En 1982 Luisa publicou o seu poemario *Nas orelas do Mendo* que ía dedicado ao doutor Domingo García Sabell («Que pola súa valoración e o seu consello sale este libro») e a Segundo Hevia Torres («que ó ilustralo co a súa maestria fai acrecentar o seo valor»). Era unha sinxela edición de autor (como sinxelos eran os seus versos) impresa no obradoiro da Imprenta Celta, de Lugo. Hevia colaborou con once debuxos costumistas e paisaxistas, ademais da portada.

O poemario recolle setenta e sete poemas en galego e sete en castelán, polo que non se pode dicir que esteamos ante un poemario bilingüe, senón ante unha recompilación total, ou case total, dos seus poemas (non descartamos que a autora tivese escrito máis que non quixo recompilar aquí) nos que inclúe un cativo mollo de poemas casteláns.

Moitos deles van dedicados:

- * «a Xosé Manuel López Nogueira / que soupo ver a estrela na miña / frente».
- * «a Xosé Carliños S. Crestar / que ten madeira de artista i é dos bós / e xenerosos».
- * «a Borobó, que naquel tempo / soupo valorarme».
- * «a Ramón Piñeiro, que fai tempo / dixu, que teño no esprito a ledicia / das Mariñas betanceiras».
- * «Pra Xerardo Fernández Albor, / que pode ser o home, tan malo de atopar, / e a súa dona María Asunción / que tanto o pode axudar».
- * De novo «A Xerardo Fernández Albor, / en lembranza de un retorno de / Rianxo a Santiago».
- * «A Arcadio i a súa xeneración». Posiblemente se trate do poeta Arcadio López Casanova.
- * «A Francisco Pillado, que contra / vento e marea publicóuna nas pá / xinas de Santiago». Reférese ao que foi director de *La Voz de Galicia*, quen tería publicado ese poema de Luisa na edición compostelana da Voz.
- * «Á familia López Lacueva». No mesmo título do poema.
- * «A Xavier Rincón»
- * E o poema «Ilustre betanceiro» que é todo el unha homenaxe a Francisco Vales Villamarín, cronista oficial de Betanzos e secretario da Real Academia Galega.

4 id. id. páx. 225.

A maior parte dos poemas están datados e abranguen dende 1966 (o dedicado a Arcadio e á súa xeración) ao 28 de marzo de 1982, en que asina o «Ilustre betanceiro» dedicado a Vales Villamarín (quen finou pouco despois en agosto), no momento mesmo de imprimir o libro, se ben a maior parte deles están datados no ano anterior, quizá cando decidiu recompilar e publicar o poemario. A cronoloxía dos datados é a seguinte: un en 1966, un en 1969, dous en 1970, un en 1971, catro en 1972, un en 1973, dous en 1975, dous en 1977, dous en 1978, sete en 1979, catro en 1980, cincuenta e oito en 1981 e un en 1982. Semella que o groso da súa produción realizouna xusto cando decidiu publicar o libro.

Sen pretender facer unha análise da súa poesía, que non é o motivo deste traballo, digamos que nos parece unha poesía de raíz popular, sen pretensións, con ecos becquerianos e rosalianos (Rosalía debía ser unha das súas grandes devocións: son varias as edicións e antoloxías da súa obra que figuran na súa biblioteca), algunhas circunstanciais e conmemorativas (panxoliñas, felicitacións de aninovo...). Luisa, quizá consciente da humildade da súa obra, escolleu para o título o nome do río menor da súa cidade, o Mendo, en contraposición ao Mandeo.

O poemario *Nas orelas do Mendo* presentouse o 28 de agosto de 1982 cun sinxelo acto en Coirós, onde daquela vivía a autora. Tres días antes, Betanzos estaba de loito polo falecemento do seu cronista oficial, Vales Villamarín, bo amigo de Luisa. No *Anuario Brigantino* correspondente a ese ano, recóllese brevemente o acto da presentación acompañado dunha fotografía. Ademais aparece publicado nel, na páxina 128, o poema «Unha rachada», recollido do libro, acompañado dunha ilustración de Xosé-Antón, quen tiña a responsabilidade de codirector da publicación.

Muller de vida solitaria, solteira e sen descendencia, Luisa finou (ou deixouse finar) o 23 de febreiro de 1988 no complexo hospitalario «Juan Canalejo» da Coruña. Tiña oitenta anos.

A DOAZÓN

Uns anos antes da súa morte, Luisa Crestar facíalle doazón dos libros que atesourara durante toda a súa vida á Biblioteca Municipal da súa cidade natal. Tivo moito que ver a relación afectuosa e agarimosa, chea de atencións, que o bibliotecario-arquiveiro Alfredo Erias mantiña con ela.

No *Anuario Brigantino* correspondente a ese ano recóllese así a noticia:

«12 de agosto de 1984. Uns 2000 libros foron donados á Biblioteca Pública Municipal Castelao pola coñecida poetisa mariñana, dona Luisa Crestar Díaz. Constituían todos eles a súa biblioteca particular e non quixo que quedara nin un soio libro na casa, xa que manifestou que eso lle daría mais pena. Esta donación, quizais a mais importante das que recibiu a Biblioteca Pública, explícase polo grande cariño que dona Luisa ten por Betanzos. Ela quere así que aquilo que mais quere non se perda e sexa útil para a nosa cultura. Son libros fundamentalmente galegos, dos que hai edicións moi raras. E tamén os hai de Literatura Xeral, Historia, Arte, etc. Moitos están dedicados polos autores: Otero Pedrayo, García Sabell, Vales Villamarín, Carballo Calero, Leandro Carré, Chao Espina, etc. O mesmo tempo autorizou á Biblioteca Municipal para dispoñer da edición do seu libro «Nas orelas do Mendo» co fin de que se distribuía ós escolares de Galicia.»⁵

5. Esta nota parece deberse ao director do *Anuario Brigantino* Alfredo Erias. Con todo, de Carballo Calero, Carré e Chao Espina non vimos autógrafos. O propio Erias publicou no Programa de Festas de 1988 o sentido artigo «Un bico para Luisa», uns meses despois do seu pasamento. Nel fala das circunstancias da doazón e da especial personalidade de Luisa.

Lembramos a Luisa nas súas últimas saídas (xa acollida no Asilo de Anciáns) na antiga biblioteca municipal no edificio do antigo Colexio de Orfas, no Campo, sentada diante dunha pía de exemplares do seu poemario para ir agasallando e dedicando un aos que entraban no local, mesmo que fosen nenos, fumando pitillo tras pitillo diante do apuro e da tolerancia comprensiva do bibliotecario Alfredo Erias, antes de ir botar o seu whisky a un bar dos Soportais logo do horario de peche da biblioteca. Foi nun deses días primaverais de 1986 que me agasallou o seu poemario cunha xenerosa e fermosa dedicatoria que non me resisto a reproducir en homenaxe a quen tantas dedicatorias inspirou ou solicitou: «A Xesús Torres Regueiro, / investigador de todo o bo que / ten a nosa terra, por tanto / pertence «os bós e xenerosos» / Coa miña firme amizade / LCrestar / Betanzos, 11-4-86».

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
V I G O TELÉFONO 18204

RACIONALIZADO 1

Tipografía DE octubre DE 1967

CON: Luisa Crestar
del muro, 14 Santiago

ENVIÓ: correo / logo da.

SIN. / REF. / suscriptos / 956 / A

| CONCEPTOS | | | PRECIO | TOTAL |
|----------------|-------|--|--------|-------|
| | CANT. | | | |
| Grabados Soano | 1 | | 45 | |
| 10 % Ito | | | 7 50 | |
| Gastos correo | | | 0 | |
| | | | 64 50 | |
| | | | 69 50 | |

NOTA:

07905 CUENTA AUXILIAR

OS AUTÓGRAFOS

A) LIBROS DA EDITORIAL GALAXIA

Entre os libros de Galaxia con dedicatoria autógrafa destacan, polo número e a personalidade dos asinantes, as de Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell. Piñeiro dedicoulle a súa tradución *Da esencia da verdade* (1953) do filósofo alemán Heidegger, e *A lingoaxe e as lingoas*, o seu discurso de entrada na Real Academia Galega en 1967, contestado precisamente por García-Sabell.

Esta publicación ten a particularidade de que non só ten a dedicatoria de Piñeiro senón que toda a páxina aparece chea das sinaturas de varios académicos (García Sabell, Sebastián Martínez Risco, Carballo Calero, Francisco Vales, Fermín Bouza Brey, Ferro Couselo, Chao Espina, A. Meijide, Isidro [Parga] Pondal, Leandro Carré, Juan Naya Pérez, Ramón Otero Pedrayo, Del Riego...) e de donas destes alí presentes (Elena Tormo López, de García-Sabell; M^a Josefa Bustamante, de Otero Pedrayo, Isabel L., de Piñeiro), até un total de vinte, o que lle dá un carácter de acta do evento e que parece indicar que Luisa asistiu á recepción do seu amigo Piñeiro na Academia.

B.L.C
GA-82-3/53
Pra Luisa Crestar, que ten
no espírito a ledicia das mariñas
betanceiras
Ramón Piñeiro
Compostela, 17-I-61

AS ANDADAS LITERARIAS DE MENDEZ FERRIN

Pra Luisa Crestar, cuxa ollada
mariñana non ve os homes coma
formigas
Ramón Piñeiro
Compostela, 1-11-62

Dedicatorias de Piñeiro (autor dos limiares) en libros de Daniel Cortezón e Méndez Ferrín.

Pra Luisa Crestar, betanceira que
sinté cos "bós e xenerros", coa cordial
amistade de

A ponte, 602
a miña,

Ramón Pineiro
25-XI-67

A. Francisco Labella

Estanislao Martínez Pérez

Ramón Otáñez

A LINGOAXE I AS LÍNGOAS

Jos. Naves II.

Juan Najatey

~~Alfonso~~

Leandro Carrié

A. Meijás

E. Elías Esquivel

↑ ISIDRO FONDAL

~~Emilio Rodríguez~~
~~En~~

J. Carlos Calero
~~uvel~~



M.ª Josefa Bustamante

Eleua Formo Lopez

Fortino Dupallal

Patel d. de Pineiro

J. Ferrás




Dedicatorias de tres autores nas cabeceiras dos seus traballos no libro colectivo La Saudade. Os debuxos son de Xohán Ledo.




Piñeiro chega mesmo a dedicarlles os seus prólogos ás obras de autores mozos, como *As covas do rei Cintolo* de Daniel Cortezón, ou *O crepúsculo e as formigas* de Méndez Ferrín. Neste caso facendo un xogo verbal co título do libro: «Pra Luisa Crestar, cuia ollada mariñana non ve os homes coma formigas».





Domingo García-Sabell dedicoulle varios traballos. Así, a monografía de arte sobre Luis Seoane (1954): «Pra Luisa Crestar que é ista cousa espléndida: amiga e compañeira»; a versión galega de *Problemas humanos* (1966) de Spranger: «A Luisa Crestar, ista laboura de picapedreiro. Co agarimo do seu amigo, Domingo»; ou a de Rof Carballo *Mito e realidade da terra nai*, que leva prólogo do médico e ensaísta compostelán: «Pra Luisa Crestar, sabidora i experimentadora da unidade corpo-ialma q . niste libro se defende». E os seus dous volumes de *Ensaíos*. No primeiro, de 1963, na súa loa á amiga non deixa moi ben ao resto das mulleres galegas: «A Luisa Crestar, unha das poucas i esgrevias mulleres do país que tén sensibilidade cultural. [...]»





Diversas dedicatorias de Domingo García-Sabell.





Piñeiro e García-Sabell dedícanlle tamén os seus traballos no volume colectivo *La Saudade* (1953), xuntamente con Manuel Vidán.

Álvaro Cunqueiro dedícalle *Escola de menciñeiros* (1960) cunha dedicatoria de puro cumprimento. E Silvio Santiago dedícalle «A miña xentil amiga Luisa Crestar Diaz, con satisfacción, simpatía e galeguismo» o seu *Villardevós* no ano 1962 na Coruña.

Outros autores destacados vencellados a Galaxia que asinan dedicatorias a Luisa son Ánxel Fole e o patriarca don Ramón Otero Pedrayo. De Fole son *A lus do candil* (1953) que dedica en Compostela «A miña leitora Luisa Crestar, moi agradecidamente.» cunha caligrafía moi tremerosa no outono do sesenta e dous, case unha década despois da saída do libro; e *Terra brava*, tamén cunha breve dedicatoria, nunha letra moi arrevesada. Curiosamente, ao pé desta figura outra dedicatoria máis extensa e comprometida: «Pra Luisa Crestar, amiga, colaboradora, coído que correlixionaria, e segura sensibilidade galega con unha puntiña de ironía nos ollos bulróns, seu decote...». A sinatura parece

Esquerda: Dedicatoria de Fole e García-Sabell. Dúas dedicatorias máis de Ánxel Fole e outra de Piñeiro (coautor da introdución) dedicando *Da esencia da verdade*, de Heidegger.

Pra a Stª Maria Luisa Crestar, a apaixonada exemprar da beleza de Compostela, ca lembranza e amizade do seu servidor. Ramón Otero Pedrayo
ARREDOR DE SÍ
Santiago 3 - Nadal 1971

corresponder a García-Sabell, autor do prólogo, e vai datada o 11 de abril de 1957. Tamén o conto *¿e décimolo ou non-o decimos?*, dedicado cunha caligrafía tremerosa: «A Luisa Crestar, moi agarimosamente, un solpor de outono do ano 79. Fole».

Do patriarca ourensán son catro os libros dedicados, aínda que son máis os da súa autoría que figuran na biblioteca de Luisa. Por ese tempo don Ramón residía en *Sant Iago*, como el escribía. Del son dedicatorias moi fermosas, como a que asina no nadal de 1959 nun exemplar de *Bocarribeira, poemas pra ler e queimar* (este non editado por Galaxia senón polo grupo Brais Pinto en Madrid): «Pra Luisa Crestar que ten a gloria de vivir baixo o voo das campáns de Compostela, lembranza do seu vello amigo e servidor...» A de *Arredor de sí* está asinada o 3 de nadal de 1971, e di: «Pra a Stª María Luisa Crestar, a apaixonada exemprar da beleza de Compostela, ca lembranza e amizade do seu servidor...». Mais a primeira dedicatoria de don Ramón é no mes de nadal de 1955, esta vez na novela en español *La vocación de Adrián Silva*, impresa pola editorial Moret da Coruña en 1949: «Pra a Sta Luisa Crestar, lembranza moi gasalleira do seu amigo e servidor...» Tamén é moi fermosa a de *Entre a vendima e a castañeira*: «Pra a Sta Luisa Crestar: de cerne e fidalgo sentimento galego iste renque de contos malmente ensarillados nos que teimou

Pra a Sta. Luisa Crestar, de cerne e fidalgo sentimento galego iste renque de contos malmente ensarillados nos que teimou abranguer un pouco do apaixonante misterio e lusco-fusco das bocarribeiras ourensáns, seu vello amigo e irmán na Terra Váia,
R. Otero Pedrayo
ENTRE A VENDIMA *Sant Iago*
E A CASTAÑEIRA *de Compostela,*
mes de San Xohan do 1957

Pra Luisa Crestar que ten a gloria de vivir baixo o voo das campáns de Compostela, lembranza do seu vello amigo e servidor
Ramón Otero Pedrayo
Sant Iago - Nadal do 1959

RAMÓN OTERO PEDRAYO

LA VOCACIÓN
 DE
 ADRIÁN SILVA

Pra a Sta. Luisa Crestar, lembranza moi gasalleira do seu amigo e servidor
Ramón Otero Pedrayo
Sant Iago de Compostela
mes de Nadal 1955

EDITORIAL
 Moret

R-10.193

SELF PUBLISHING

abranguer un pouco do apaixonante misterio e lusco fusco das bocarribeiras ourensáns, seu vello amigo e irmán na Terra Nai...».

Sinxelas son as dedicatorias de Xohana Torres —a moza máis destacada no seu tempo no panorama literario galego— do seu poemario *Do sulco* (1957; a dedicatoria é de marzo de 1961) e, posteriormente, da novela *Adiós María* (1973), esta editada polo Centro Galego de Bos Aires. Con todo, a obra teatral *Un hotel de primeira sobre o río*, editada por Galaxia, non está dedicada.

Xeralmente, os autores dedicantes son persoas que viven ou paraban en Compostela, cos que Luisa tivo trato nos anos da súa veciñanza santiaguesa. Tamén algúns autores lucenses durante os anos que Luisa parece que pasou en Lugo, caso de Constantino Pallín ou Xesús Alonso Montero.


B) OUTROS LIBROS

O poeta Aquilino Iglesia Alvariño dedícalle o seu *Cómaros verdes*, que editou na imprenta Celta de Vilagarcía de Arousa en 1947. A dedicatoria é de 1960 e di: «A Luisa Crestar Díaz, coa simpatía da terra e da fala». Outro poemario deste autor, *Leva o seu cantare*, numerado co número 25 (a edición era de 250 exemplares numerados), non está dedicado.

Libros pouco coñecidos son os seguintes: *Belén en Galicia* (1957), asinado por Benipaz.⁶ Baldomero Cores dedícalle en 1961 *O corruncho de David*. Constantino Pallín dedícalle *Amistad de llanto* (Celta, Lugo, 1970) e *Dibujo de tristeza* (Lugo, 1974), dous poemarios, en castelán o primeiro e bilingüe o segundo, este cunha dedicatoria triste a xogo co título.

Relacionados co Uruguai son algúns dos libros que teñen dedicatorias autógrafas para Luisa. Dous deles son de Zubillaga Barrera e outro de Daniel D. Vidart.

No Uruguai, e máis concretamente na capital, Montevideo, atopábase o seu curmán Antón Crestar, dirixente do Centro Galego, e os libros parecen chegar pola súa intermediación. Así, no medio do de Zubillaga, *Castelao no arte galego* (1966) atópase unha notiña manuscrita que di: «O ex-libris e / meu. / Saudíña / Antón». Trátase do carimbo de Ediciones Ronsel, da Casa de Galicia de Montevideo, e reproducímolo aquí por ser pouco coñecido. Na dedicatoria, datada en Montevideo en 1968, di: «Pra Luisa Crestar istas páxinas sobor do noso Mestre, cos meus saúdos cordiais». Outros dous traballos de Carlos Alberto Zubillaga Barrera son *Páxinas gallegas de Juana de Ibarbourou* (Ediciones Centro Lucense, Buenos Aires, 1968) e *Los cruceros en el Montevideo antiguo* (Edicións do Padroado da Cultura Galega, 1967). De Vidart é tamén *Regionalismo y universalismo*



Dedicatoria de Silvio Santiago.

6. A dedicatoria é do sacerdote Benigno López Díaz, coautor do libro: «Por aquele tempo publicou, juntamente com outro compañeiro sacerdote (José María Paz Camps, também ainda vivo), sob o nome de Benipaz (= Benigno + Paz), um simpático livrinho intitulado «Belén en Galicia», com poemas e diálogos versificados para ser declamados polos nenos do catecismo perante o presépio em tempo de Natal.» Entrevista a José Martinho Montero Santalha en www.agal-gz.org/modules.php?name=News&file=article&sid=2499&mode=&order=0&thold=0

Montoxo - Outeiro - 1962
 B.L.C
 CA-22-1/79

A Luisa Crestar
 Se aluma grande,
 cuitada,
 diuocada;
 domaisanga dos rios
 das fontes,
 dos mares:
 igual que unha rosa;
 a sorriso,
 pausade quibof. querais

O autor
 Benigno López Díaz

Poética dedicatoria do crego de Montoxo (Cedeira) Benigno López Díaz, coautor de Belén en Galicia.

A Luisa Crestar, con moi-
 ta cordialidade
 Xhehe

1.961 - Marzo -

DO SULCO

CÓMAROS VERDES

A Luisa Crestar Díaz, con
 simpatía de tena e de
 tala

Aguilino Melián
 1960

DIBUJO DE TRISTEZA

Una composición
 de tristeza.
 de par
 suficiente

i nos [redacted]
 a [redacted]

Para Luisa Crestar
 que intenta compoela.

Logo 18-X-1961
 Constantino Pallín

CONSTANTINO PALLÍN

A Luisa, moi cordial-
 mente
 B.L.C
 CA-F2-5/78

Xhehe

ADIOS, MARIA

Vigo, Nadal, 1.971

Esta ven sel'a adicatoria mail
 difícil d'un autor encetado agora; pro
 Luisa Crestar fané pela máis de [redacted]
 o sentimento i o pensamento d'a millos esperto gallego.

BALDOMERO CORES TRASMONTE

B.O.L.C
 GA-48/5

Pra Luisa Crestar
estas páxinas solos
do noso encontro,
cos meus saídos
cordiais

Carlos Zubillaga
Montevideo, 13/2/68.-

de la cultura gallega (Ediciones del Banco de Galicia, Montevideo, 1961).

Continuando con libros de América ou da Galicia emigrada ou exiliada, temos *El rumbo en la estrella* do italo-arxentino Víctor L. Molinari, con estreitas relacións co Centro Gallego e co Centro Betanzos de Buenos Aires, que chegou a visitar Galicia e Betanzos, como referencian as crónicas dalgúns dos seus libros. Asinada en Buenos Aires en xaneiro de 1964 está a dedicatoria que lle fai Eduardo Blanco-Amor da súa novela *Los miedos* (editada pola barcelonesa Destino en 1963) facendo referencia a un encontro en Compostela nunha das viaxes do escritor ourensán a Galicia antes de regresar definitivamente: «A Luisa Crestar Díaz, con mi buen recuerdo compostelano, y el homenaje devotísimo de su amigo y paisano». O coñecemento xa viña de antes, pois o mesmo autor xa en agosto de 1957 lle dedica tamén en Buenos Aires a novela *La catedral y el niño*: «A Luisa Crestar Díaz, a su fino espíritu de lectora y de gallega, esta novela escrita con saudade y en el amor a nuestra tierra.»

Por último, libros «betanceiros» que teñen dedicatorias autógrafas para Luisa son o do antigo cronista oficial da cidade e secretario da Academia Galega Francisco Vales

ZUBILLAGA BARRERA

Para Luisa Crestar,
co meu cordial saído

Carlos Zubillaga
Montevideo, 28-8-68.-

PAGINAS GALLEGAS
de
JUANA DE IBARBOUROU

CARLOS A. ZUBILLAGA BARRERA

Para Luisa Crestar, muy
cordialmente

Carlos Zubillaga
Montevideo, 30/III/67.-

LOS
CRUCEIROS
DEL
MONTEVIDEO
ANTIGUO

Para Luisa Crestar,
en Santiago de Compostela,
en el afecto
de un regatano de su
mundo hacia a
Galicia.


D. Vidart
Montevideo, 16-61

REGIONALISMO Y UNIVERSALISMO
DE LA
CULTURA GALLEGA



Dedicatorias dos uruguayos Zubillaga Barrera e Daniel D. Vidart.

Villamarín, sobre o tema de *La cofradía gremial de los zapateros* (1981), que lle asina uns meses antes de falecer; o do debuxante e heraldista Xosé-Antón González G-Ledo sobre *As imaxes xacentes da igrexa de San Francisco de Betanzos* (1983), quen fora por breve tempo director do Museo das Mariñas nos seus inicios, ou o de Manuel Rodríguez Crespo sobre os irmáns García Naveira. Tamén o actual cronista oficial de Betanzos, José Raimundo Núñez Lendoiro, dedícalle unha separata do seu traballo *Las pesas y medidas de Betanzos*, inserto no boletín *Brigantium*. Corresponden todos eles á etapa en que Luisa regresa á súa cidade natal, unha vez xubilada da Compañía Telefónica.

Fica claro que Luisa non era tanto unha acaparadora de dedicatorias e sinaturas como unha persoa interesada e preocupada pola cultura. e moi especialmente pola cultura galega, nuns




Arriba: dedicatoria do porteño Víctor Luis Molinari. Abaixo, dúas dedicatorias de Blanco-Amor asinadas en Buenos Aires.



anos difíciles, que se desenvolveu nun círculo de relacións en Compostela arredor dos persoeiros de Galaxia, cunha amizade moi especial co doutor García-Sabell e con Ramón Piñeiro. A través deles entrou en contacto con outros escritores e intelectuais vencellados a Galaxia, así como na súa estada en Lugo contactaría con outro grupo. As relacións co mundo da emigración, especialmente uruguiaia, viñan a través do seu curmán Antón Crestar. E nos últimos anos, xa xubilada e de volta na vila natal, retoma as amizades e relacións betanceiras e establece outras novas.

De todo ese conxunto de relacións e amizades, e practicamente só delas, proceden os autógrafos e dedicatorias dos seus libros, hoxe a disposición dos seus paisanos e usuarios da Biblioteca Municipal «Castelao» de Betanzos porque ela así o dispuxo, e que calquera persoa sensíbel e coñecedora da cultura galega ten de apreciar como un legado realmente valioso que se arrequece e gaña relevancia co tempo.



Afectuosa dedicatoria de Vales Villamarín.

RELACIÓN DE OBRAS CON AUTÓGRAFO DO AUTOR

- Alonso Montero, Xesús: «Tres incisiós na problemática do galego» en *O porvir da lingua galega*. Círculo de las Artes, Instituto de Estudios, Lugo.
- Benipaz: *Belén en Galicia. Versos infantiles y populares que se recitan en la Costa Norte de Galicia ante el «Nacimiento»*. Navidades de 1956-7.
- Blanco-Amor, Eduardo: *La catedral y el niño*. Editorial Losada, S.A., Buenos Aires, 1960.
- Blanco-Amor, Eduardo: *Los miedos*. Ediciones Destino, Barcelona, 1963.
- Cores Trasmonte, Baldomero: *O corroncho de David. Encol de «Música en Compostela»*. Sant-Iago, 1961.
- Cunqueiro, Álvaro: *Escola de Menciñeiros e fábula de varia xente*. Editorial Galaxia, Vigo, 1960.
- Fole, Anxel: *Á lús do candil*. Editorial Galaxia, Vigo, 1953.
- Fole, Anxel: *Pauto do demo*. Colección O Moucho. Edicións Castrelos, Vigo, 1970. (con sinatura do autor só).
- Fole, Anxel: *¿e decímolos ou non-o decimos?*. Lugo, 1972. (Edición bilingüe).
- Fole, Anxel: *Terra brava*. Editorial Galaxia, Vigo, 1957. (Ademáis da dedicatoria do autor leva a do prologuista Domingo García-Sabell).
- García G-Ledo, Xosé Antón: *As imaxes xacentes da eirexa de San Francisco de Betanzos*. Concello de Betanzos, 1983.
- García-Sabell, Domingo: *Ensaíos*. Editorial Galaxia, Vigo, 1963.
- García-Sabell, Domingo: *Ensaíos II*. Editorial Galaxia, Vigo, 1976.
- García-Sabell, Domingo: Prólogo a «El campo de fuerzas del alma» de G. R. Heyer. Editorial Labor, S.A., Barcelona
- García-Sabell, Domingo: Versión galega, prólogo e notas de «Problemas humanos» de Eduard Spranger. Editorial Galaxia, Vigo, 1966.
- García-Sabell, Domingo: Limiar a «Mito e realidade da Terra Nai» de Rof Carballo. Editorial Galaxia, Vigo, 1957.

- García-Sabell, Domingo: *Seoane*. Edt. Galaxia, Vigo, 1954.
- Iglesia Alvaríño, Aquilino: *Cómaros verdes*. Ediciós Celta, 1947
- Molinari, Víctor Luis: *El rumbo en la Estrella*. Edt. Follas Novas, Buenos Aires, 1962.
- Núñez Lendoiro, José Raimundo: *Las pesas y medidas de Betanzos*, separata de «Brigantium», vol. 3, A Coruña, 1982.
- Otero Pedrayo, Ramón: *Entre a vendima e a castañeira*. Edt. Galaxia, Vigo, 1957.
- Otero Pedrayo, Ramón: *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*. Brais Pinto, Madrid, 1958.
- Otero Pedrayo, Ramón: *Arredor de si*. Editorial Galaxia, Vigo, 1970.
- Otero Pedrayo, Ramón: *La vocación de Adrián Silva*. Editorial Moret, A Coruña, 1949.
- Pallín, Constantino: *Amistad de llanto*. Editorial Celta, Lugo, 1970
- Pallín, Constantino: *Dibujo de tristeza*. Lugo, 1974.
- Piñeiro, Ramón: *A lingoaxe i as linguas*. Editorial Galaxia, 1967. (Neste, ademais da dedicatoria do autor aparecen as sinaturas de varios académicos e das donas dalgúns deles).
- Piñeiro, Ramón: Prólogo a «O crepúsculo e as formigas» de X.L. Méndez Ferrín, colección Illa Nova, Editorial Galaxia, Vigo, 1961.
- Piñeiro, Ramón: Tradución, Introducción e notas (xunto con Celestino F. de la Vega) a «Da esencia da verdade» de Heidegger. Editorial Galaxia, Vigo, 1956.
- Piñeiro, Ramón: Limiar a «As covas do rei Cintolo», de Daniel Cortezón. Editorial Galaxia, Vigo, 1956.
- Rodríguez Crespo, Manuel: *Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira*. Excelentísimo Ayuntamiento de Betanzos, 1983.
- Santiago, Silvio: *Villardevós*. Editorial Galaxia, Vigo, 1961.
- Torres, Xohana: *Do sulco*. Editorial Galaxia, 1957.
- Torres, Xohana: *Adios, María*. Ediciones Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires, 1971.
- Vales Villamarín, Francisco: *Heráldica Gallega. Algo sobre el blasón del canónigo compostelano Gonzalo Eans*. Cuadernos de Estudios Gallegos, t. XXV, f. 77, Madrid, 1970.
- Vales Villamarín: *Temas brigantinos. La cofradía gremial de los zapateros*. A Coruña, 1981.
- VV.AA.: *La Saudade. Ensayos*. Editorial Galaxia, Vigo, 1953. Están dedicados os traballos de Ramón Piñeiro («Pra unha filosofía da saudade»), D. García-Sabell («La Saudade por dentro») e Manuel Vidán («Peregrinación filosófica al santuario de la saudade»).
- Zubillaga Barrera, Carlos Alberto: *Páginas gallegas de Juana de Ibarbourou*. Ediciones Centro Lucense, Buenos Aires, 1968.
- Zubillaga Barrera, Carlos Alberto: *Castelao no arte galego*. Ediciones Ronsel, Casa de Galicia, Montevideo, 1966.
- Zubillaga Barrera, Carlos Alberto: *Los cruceiros del Montevideo antiguo*. Ediciones del Patronato da Cultura Galega. Montevideo, 1967.

